

Naqueles tebeos que liamos de nenos, os ladróns sempre levaban un anteface, o que facilitaba moito o traballo dos policíaos que percorrían e vixiaban as historias e as viñetas. Un entendía, entón, o estendido comentario de que a Garda Civil, era, con diferenza, a mellor policía do mundo, pois non só non había posibilidade de erro, senón que todos os delitos, mais cedo que tarde, tiñan castigo. E os inocentes á súa vida, que a cousa non ía con eles. O mundo estaba marabillosamente estruturado e todo atopaba o seu sitio. Daquela era moi doado o traballo de policía. Moi físico, iso si. Nada mental. Só tiña que correr mais que o delincuente.

Anos despois, nos tempos da miña adolescencia, os antefaces e os pasamontañas volvéronse poñer de moda coa xente de ETA, nas súas aparicións e comunicados á prensa, diante do logotipo da serpe, que eu sempre asocié cunha farmacia. Entón, xa non imaxinaba aos etarras camiñando por aí, todo o día, coa máscara posta. Se así fose, a Garda Civil seguiría a ser a mellor policía do mundo. Mais, daquela, xa sabíamos que algo non cadraba. O certo é que, cando botaban a correr tralo desesperado Lute, tiñan moitos problemas. Agora entendémolo, pois o Lute foi un dos primeiros en andar sen anteface, o que obrigou a grandes cambios estruturais e conceptuais. Eran os tempos das series americanas na televisión, con aquel investigador en cadeira de rodas, como se chamaba? O caso é que tanto ladróns como policíaos deixaron de correr, a sociedade volveuse moi sedentaria e cambiou moito desde entón. Mira se cambiou que, hoxe en día, podemos mirar á Policía, á Garda Civil, ou mesmo á Policía Local, cubertos con pasamontañas, mentres que os delincentes visten de Armani, levan gravata e dirixen poderosas corporacións onde lavan moreas de cartos. Cando atopo un policía coa cara tapada, non podo imaxinalo defendendo a lei e a orde. Deben ser os recendos da nenez. Vellos prexuízos infantís. Non sei. Eu fun educado na idea de que se estás do lado dos bos, non tes que agocharte nin esconderte. Ven a ser unha mostra de dignidade, de orgullo. Cuestión de fondo e forma. Ética e estética. Mais, a realidade, teimuda e contraditoria, obríganos a reestruturar, unha e outra vez, os propios esquemas. Debín decatarme cando todo un director da Garda Civil marchou cos cartos. Ou mirando a Garzón no banquiño. **O bucle de Moebius. As estampas de Escher. Os sabios consellos do vello príncipe de Lampedusa. Os paxaros guindándose ás escopetas.**

Non sei se as miñas intuicións teñen unha base científica, mais, a estas alturas, a experiencia amósanos a imposibilidade de clasificar as cousas mantendo intactas as súas virtudes e valores. Cousas da plasticidade. Chega con etiquetar as funcións dun lugar, un obxecto, unha profesión ou mesmo dunha persoa, para que desaparezan de golpe todos os seus atributos. Sucede, en xeral, co patrimonio público a conservar, xa sexan parques naturais, os cascos vellos das cidades ou a lei de costas. Outro tanto ocorre coas celebracións gastronómicas que, xa hai tempo, perderon, na súa reiteración e abuso da fórmula, toda relación co lugar que as acolle.

As veces, as palabras destrúen as cousas que nomean.

Adoita pasar, tamén, coas parellas que casan despois de anos de convivencia, cando un bo compañeiro de traballo ascende no escalafón, ou mesmo, as veces, cando sinalamos a que críamos unha sincera e cálida amizade.

Como se as cousas, dun xeito máxico, mudaran no mesmo intre no que somos conscientes delas. Como se entón, e só entón, recuperaran un sentido agochado de rebeldía e independencia. □

En ocasións, atopámonos con noticias de asaltos e roubos nas casas particulares do país, por parte de bandas organizadas. E, as veces, as fotos das casas aparecen nos xornais do día seguinte. Iso é bo, pois deixan de ser un obxectivo para outros ladróns que puidesen ter a mesma idea. Nesa profesión hai moita incomunicación. E, coa crise, moita competencia desleal. Non é a primeira vez que coinciden dúas ou tres bandas de perigosos atracadores nunha casa ou sucursal bancaria. O certo é que, nalgunhas desas fotografías de prensa, observamos características comúns. Con excepcións, as casas adoitan ser grandes, de perpiaño branco, cun verde céspede ben coidado, hórreo e cruceiro, árbores exóticas, e, as veces, unha boa piscina. Atopamos, ademais, balcóns, columnas, balaústres, soportais, pórticos e ameas. E, nalgúns casos, animais heráldicos e brasóns de pega no muro da entrada. Xa coñecedes o modelo. Aínda sabendo que eses datos non aseguran a existencia dunha caixa forte nin de cartos baixo o colchón, podemos recoñecelos como un trazo distintivo que calquera bo profesional do ramo sabe ter en conta. Así non hai equívoco posible. Moi ben. O certo é que o noso país converteuse nun paraíso para aqueles ladróns con agudo instinto profesional, pois, nas últimas décadas, quedou sementado deste tipo de construcións, nas que, nunha rápida ollada, distinguimos ao propietario subitamente enriquecido. Si, xa sei. Tamén eu, as veces, malpenso que o dono da finca fai a metade do traballo. Mais, non esquezades as vantaxes deste sistema para a meirande parte da poboación, todos cidadáns de segunda, que, agás erro ou incompetencia, podemos durmir pola noite con total tranquilidade, sen correr ningún risco nin expoñernos a unha complicada situación. Polo contrario, ese é o grande problema dos países nórdicos, onde, a causa do calvinismo que padecen, non é doado atopar unha construción fachendosa que destaque sobre as demais. O que democratiza e aumenta, dun xeito exponencial, as posibilidades de sufrir un arrepiente asalto, pois, as diferenzas económicas, de habelas, atópanse de portas para dentro. Neses países, pódelle tocar a calquera. E non vale facerse o sueco. A ver como explicas, medio durmido, as tres da mañá, que es un home humilde, sen cartos na casa, nin fora, no banco. En calquera caso, aínda que amoses os papeis do paro, ou o certificado dos cursos de formación, vaise producir unha situación, como mínimo, confusa, tanto para o dono da casa como para o perplexo ladrón. E non hai xeito de arranxar este grave problema social, xa que ninguén quere ser o primeiro en distinguirse. Os humanos, nunha sociedade solidaria, son así. Todos se agochan trala masa. Lembro ver, hai anos, nunha revista, a imaxe dun pequeno e tradicional pobo nórdico, con casiñas de madeira pintadas de vivas cores, na que o pé de foto sinalaba a unha das vivendas como a residencia do presidente de Nokia. Cuspidiña ás outras. Así non hai ladrón que poida, a primeira vista, dar un bo golpe. E deixar estas cuestións ao puro azar orixina unha grande inquietude na poboación. Moito insomnio e pouco descanso, do que se deriva unha abafante sobrecarga para a sanidade pública e graves problemas de autoestima para o produto interior bruto. Así lles vai. Menos mal que nada diso sucede aquí.